



CONVOCATORIA DE CURSOS PARA PROFESORADO DE FRANCÉS

Diploma de estudos en lingua francesa *DELF Escolar*

Ao abeiro do convenio de colaboración para a obtención do Diploma de estudos en lingua francesa na súa versión escolar -asinado o 29 de xuño de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España que, na súa cláusula quinta, establece a habilitación do profesorado de francés para examinar e corrixir as probas dos exames do *DELF Escolar*, as *Alliance Française* de Santiago de Compostela e Vigo convocan dous cursos de formación para profesorado de francés de ensino secundario.

Ambos os dous cursos serán impartidos por formadores acreditados polo CIEP -Ministerio de Educación de Francia a través do Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España- e contarán cunha certificación de 8 horas de formación permanente do profesorado respectivamente xa que serán homologados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

O profesorado interesado en participar nos cursos de formación realizará a súa inscrición a través da *Alliance Française* de Santiago de Compostela: delf@afsantiago.es e a *Alliance Française* de Vigo: info@alliancevigo.org.

CURSO PREPARACIÓN DO ALUMNADO PARA AS PROBAS DO DELF ESCOLAR.

Obxectivo: Cursos de orientación para o profesorado de francés de secundaria co obxectivo de preparar ao seu alumnado para as probas dos exames do *DELF Escolar*.

Duración: 8 horas lectivas.

Datas: 23 e 24 de xaneiro.

Lugares de realización: Santiago de Compostela e Vigo.

Horarios: 17:00h a 21:00h

Perfil do profesorado: profesorado de Ensinanza Secundaria especialista en Lingua Francesa.

Prazas: máximo de 25 prazas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

af
Alliance Française
Espagne



CURSO *AVALIAR SEGUNDO OS CRITERIOS DO MECRL: METODOLOXÍA E RESULTADOS.*

Obxectivo: reforzar as competencias necesarias para avaliar as probas do *DELF Escolar*.

Duración: 8 horas.

Datas: 30 e 31 de xaneiro.

Lugares de realización: Santiago de Compostela e Vigo

Horarios: 17:00h a 21:00h

Perfil do profesorado: profesorado previamente habilitado como examinador oficial *DELF-DALF*

Prazas: máximo de 25 prazas
